

-HÓRREOS-

Hórreo, construción adxacente da casa de labranza, especie de graneiro ou depósito, para facilitar a aireación das mazarocas do millo e protexelo da humidade e dos ratos, para garda-lo gran e secalo, coa finalidade dunha perfecta curación. Con frecuencia úsase para acada-los mesmos efectos con outros froitos da colleita anual, incluso para cura-los queixos.

Non se coñece con exactitude a orixe do hórreo, aínda que hai autores que o

relacionan co palafito, antiga vivenda primitiva


Xeralmente os hórreos forman parte das casas labregas, sendo ademáis unha característica da casa señorial galega, coñecida co nome de "pazo", o mesmo ocorre co pombal. Estas dúas construcións

campan nunha finca grande que rodea a principal edificación. En Galicia o hórreo ven a ser coma un caseto que se levanta preto da casa labrega, na maior parte dos casos na eira. Noméase de diferentes maneiras: Cabaza, cabazo, cabaceira, cabaceiro, celeiro, piorno, espigueiro, graneiro. En cada recanto de Galicia ten un nome. Na nosa bisbarra tamén se lle da o nome de cabaceira que parte dunha base cadrada, unha construción, de forma circular, que repousa sobre catro columnas de pedra, cuxo capitel é redondo, de maneira que se someten a un biselado pola parte superior e deben voar uns corenta centímetros, para evitar que pasen os ratos, por iso se lles coñece co nome de rateiras ou tornaratos Enriba destas columnas colócanse catro travesas de madeira e faise o piso de táboas, logo a parte superior

campan nunha finca grande que rodea a principal edificación. En Galicia o hórreo ven a ser coma un caseto que se levanta preto da casa labrega, na maior parte dos casos na eira. Noméase de diferentes maneiras: Cabaza, cabazo, cabaceira, cabaceiro, celeiro, piorno, espigueiro, graneiro. En cada recanto de Galicia ten un nome. Na nosa bisbarra tamén se lle da o nome de cabaceira que parte dunha base cadrada, unha construción, de forma circular, que repousa sobre catro columnas de pedra, cuxo capitel é redondo, de maneira que se someten a un biselado pola parte superior e deben voar uns corenta centímetros, para evitar que pasen os ratos, por iso se lles coñece co nome de rateiras ou tornaratos Enriba destas columnas colócanse catro travesas de madeira e faise o piso de táboas, logo a parte superior

campan nunha finca grande que rodea a principal edificación. En Galicia o hórreo ven a ser coma un caseto que se levanta preto da casa labrega, na maior parte dos casos na eira. Noméase de diferentes maneiras: Cabaza, cabazo, cabaceira, cabaceiro, celeiro, piorno, espigueiro, graneiro. En cada recanto de Galicia ten un nome. Na nosa bisbarra tamén se lle da o nome de cabaceira que parte dunha base cadrada, unha construción, de forma circular, que repousa sobre catro columnas de pedra, cuxo capitel é redondo, de maneira que se someten a un biselado pola parte superior e deben voar uns corenta centímetros, para evitar que pasen os ratos, por iso se lles coñece co nome de rateiras ou tornaratos Enriba destas columnas colócanse catro travesas de madeira e faise o piso de táboas, logo a parte superior

edificación. En Galicia o hórreo ven a ser coma un caseto que se levanta preto da casa labrega, na maior parte dos casos na eira. Noméase de diferentes maneiras: Cabaza, cabazo, cabaceira, cabaceiro, celeiro, piorno, espigueiro, graneiro. En cada recanto de Galicia ten un nome. Na nosa bisbarra tamén se lle da o nome de cabaceira que parte dunha base cadrada, unha construción, de forma circular, que repousa sobre catro columnas de pedra, cuxo capitel é redondo, de maneira que se someten a un biselado pola parte superior e deben voar uns corenta centímetros, para evitar que pasen os ratos, por iso se lles coñece co nome de rateiras ou tornaratos Enriba destas columnas colócanse catro travesas de madeira e faise o piso de táboas, logo a parte superior



acádase con varas entretecidas, de xeito que a capacidade vai de menor a maior. Para rematar, a cuberta é de forma cónica, feita con palla o colmo, rematando nunha caperuza semellante a dos palleiros.

Hórreo, esa pequena edificación, amosa diferentes modalidades, pero os que ofrecen maior interese son precisamente aqueles que se fan de pedra e madeira, e tella ou lousa na cuberta. O modelo máis sinxelo é o que consta de tres partes: Base ou cepa, graneiro e tellado. O modelo máis frecuente na nosa bisbarra amosa as seguintes características, poñendo como exemplo un hórreo de tres claros: A base, de xeito rectangular, é un muro de pedra de seis metros de lonxitude e corenta centímetros, logo o ancho varía entre oitenta centímetros a un metro, en canto a altura da cepa vai de metro e medio a dous metros. Sobor desa base leva un piso de pedras dun grosor de quince a vinte centímetros, voando corenta centímetros. Esas pezas levan un biselado e todo o contorno, excepto no espazo que ocupa a porta do graneiro. Este biselado faise de xeito que queden cinco centímetros de piso e cinco de fronte. Directamente apoiado nese piso levántase o verdadeiro hórreo que, no caso que nos ocupa, ten forma de prisma. Lonxitude, seis metros; altura, dous metros aproximadamente ancho, un metro; polo tanto, cada claro mide, , dous metros de longo, separados por columnas de pedra. Ondubitablemente, éste é o modelo sinxelo; non obstante, outra modalidade é cando o graneiro se apoia en columnas ou ben soportes de pedra, dun metro cadrado. O grosor é de quince a vinte centímetros. Estas pezas, coa finalidade de mellorar a estética da construción en algúns casos son dun metro cadrado, noutros levan formas diferentes de arco cara o interior ou cara o exterior. Neste caso o piso que, no modelo anterior se apoiaba na base, agora repousa sobre as devanditas columnas ou pés, coñecidos tamén co nome de peañas. Neste tipo de hórreos, o espazo interior ten unha superficie de seis metros cadrados, en canto a capacidade é de doce metros cúbicos, sen contar ó que comprende o espazo que corresponde o tellado, porque non se utiliza.

Os hórreos máis frecuentes do noso concello son dun, dous, tres, catro ou cinco ou máis claros. Unha calidade que desexo destacar é que, xeralmente, o número de claros está en función da superficie de terras de cultivo da mesma propiedade. Nestes intres recordo unha conversa entre dúas persoas que falaban da dote dunha moza, para destacar que era boa herdeira, unha delas dicialle a outra: "Mira se é bo partido que ten un hórreo de sete claros."

O graneiro ou depósito é o espazo comprendido entre as paredes dos extremos, logo os lados mailo tellado e piso. Os muretes dos extremos levan coma unha, dúas ou tres regandixas, xa sexa en sentido vertical ou horizontal, para facilitar a aireación do interior. Enriba destes muretes levan unha

especie de chantos de pedra que rebasan o tellado uns dez centímetros, e no cume dos mesmos, repousan os remates. No piso, de columna a columna, faise unha excavación na pedra, de cinco centímetros de ancho e de fondo, para suxetar os balaustres de madeira que forman os lados, para acadar unha completa circulación do aire e poñelo en contacto co gran, co esa finalidade déixase unha separación de un a dous centímetros, de balaustre a balaustre. Pola metade dos balaustres, en sentido horizontal, colócase un listel moldeado, de madeira, do grosor de cinco centímetros, favorece a estética da construción e protexe a suxección dos mesmos. Debemos recordar un pequeno detalle que resalta a porta do hórreo: Pola parte superior do devandito listel, os balaustres colócanse en sentido horizontal, pero, os da parte inferior, en sentido vertical.

Pola parte superior os barrotes fíxanse nas vigas de madeira do tellado, cuxa armadura se fai do mesmo material. A porta que permite o acceso o graneiro colócase na metade do lado que resulte máis cómodo. Mide ésta uns setenta centímetros de ancho por dous metros de altura. Para acceder o graneiro faise, polo exterior, por unha escaleira de pedra que arrinca dunha terraza.

O tellado dos hórreos da nosa bisbarra, na maior parte dos casos é a dúas augas, coa cuberta de tella ou de lousa. Na parte superior das paredes dos extremos exhibense uns remates artísticos tallados en pedra que amosan moita variedade, coma diferentes modalidades de cruces, caliz, cataventos, pombas, o capón que anuncia o novo día, cazador e moita variedade de remates artísticos, con frecuencia, auténticas obras de arte que chaman a atención, porque, con frecuencia, son froito da imaxinación do canteiro

Un fenómeno bastante frecuente nestas pequenas construcións adxectivas as vivendas do mundo rural galego é que os balaustres de madeira exhiban pinturas de diferentes figuras e cores

Para ter unha idea da enorme variedade de hórreos do noso concello e conveniente visitar a páxina web: "[WWW concellodetaboada.com](http://WWW.concellodetaboada.com)". Apartado de etnografía-hórreos. Fotos de hórreos do concello de Taboada, de Xesús Batán Miguelez, profesional do ensino e responsable da devandita páxina.

Na nosa bisbarra é frecuente ver hórreos dun claro, amosan algúns tan ben feitiños que chaman a atención. Xeralmente só levan de pedra as catro columnas, mailos correspondentes capiteles, pedras de xeito circular que voan uns corenta centímetros, fan de rateiras. O resto da construción é toda de madeira, excepto as tellas.

Como dixo Castela: "Os hórreos gardan o pan, e por eso teñen a feitura de relicarios."

Hórreos que exhiben algo especial: Casa Camiñas, na parroquia de Campo, un dos remates consiste nunha cruz e dúas pombas que reposaban nos brazos da mesma, o do extremo oposto, un cazador cunha escopeta que apuntaba as pombas. Pero dáse a circunstancia de que as devanditas xa non están, non porque as matara o cazador, senón porque as tiron o vento. A desaparición dun dos elementos do conxunto troca o significado do mesmo.

Ao carón do pazo de Relás campa un fermoso hórreo de cinco claros, recentemente restaurado, cuxo interior é digno de ver, porque leva unha estrutura de ferro que se lle engadiu no proceso e restauración, cunha dobre finalidade:

- a) Evita-lo derrube cando coincide que está baldeiro e hai vendaval, porque o aumenta-lo peso resta efectos a acción do vento.*
- b) Amarra-las partes do mesmo.*

No lugar de Zoás, parroquia de Moreda, destaca ó da casa do Tin. Unha construción adxectiva a vivenda, de pedra de gran fino cor, gris claro, traída do Farelo. Data do ano 1939 e, mirando o nacente luce un precioso reloxo de Sol. Tamén leva unha terraza lateral, para secala roupa. Neste caso é sen cubrición, xa que noutras prolóngase o tellado do hórreo e quedan cubertas.

Comentario sobor destas singulares construcións.- Os hórreos constitúen un atractivo especial para os turistas que chegan de lonxe e, cando contemplan esa especie de casa, como lle ven a cruz na parte máis vistosa, atribúenlle un sentido relixioso, de xeito que, a maiores da finalidade práctica de ser arca protectora de alimento para as persoas e para o gando, tamén é elemento de promoción para o turismo, velai a importancia que ten a restauración dos mesmos, facendo hincapé na estética, porque os hórreos, coma os cruceiros mailos pombeiros, son parte do patrimonio do mundo rural galego. Por mor do progreso e da modernidade as nosas eiras xa perderon dous aderezos importantes: A meda mailo palleiro, pero os hórreos aínda prestan no casal galego o mesmo servizo de antano. Se restauramos unha casa da aldea e ao carón da mesma deixamos o hórreo abandonado é, exactamente o mesmo, coma unha persoa que viste traxe novo e calza zapatos vellos. Cando se restaura a vivenda é de precepto restaura-lo hórreo.

En Lugo somos conscientes de que os mellores hórreos campan na provincia de Pontevedra, pero iso non resta valor os da nosa terra que amosan

riqueza e variedade de exemplares. Concretamente, nestes intres, centro a miña atención nos que exhibe o concello de Taboada.

Sócrates Rigueira Ramos, Xullo 2009